



Sr. D. Luis Planas Puchades
Ministro de Agricultura, Pesca y Alimentación

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2021

Estimado Ministro:

Desde a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego seguimos con moito interese a actividade do Ministerio en todo o que se refire á reforma da Política Agraria Común (PAC). As decisións que tome o seu Ministerio durante estes meses van ter unha grande repercusión na vida das mulleres labregas de Galiza e, en xeral, das mulleres do rural para toda esta década.

As noticias que vemos na sala de prensa do Ministerio son positivas:

- 17/11/2020: “ *De cara a súa aplicación práctica, a PAC vai permitir implementar, a través do PE estatal, medidas para atender as necesidades das mulleres e lograr así un crecemento xusto, intelixente, sostible e integrador*”
- 08/03/2021: “*Neste sentido, expresou o compromiso deste Goberno para limar esas diferenzas a través das políticas agrarias e do desenvolvemento rural, con actuacións que recoñezan as súas necesidades específicas e que lles permitan exercer os seus dereitos (...)*”

Vista a documentación do subgrupo de traballo do obxectivo 7. *Atraer aos mozos agricultores e facilitar o desenvolvemento empresarial nas zonas rurais. Perspectiva de xénero e despoboamento*, sorpréndenos que o título do único obxectivo específico da PAC onde se fala das mulleres **non está redactado nunha linguaxe inclusiva**. Nos tres documentos do OE7 – documento de partida, DAFO, análise de necesidades – vemos que se repiten as seguintes cuestións:

- Emprégase unha linguaxe masculina en todo o texto.
- Aparecemos moi poucas veces soas, como “mujeres rurales”. A maioría das veces somos “mujeres y jóvenes”
- Tanto no documento de partida, como no DAFO e no documento das necesidades, os modelos a pequena escala, con menos inversións e pouco endebedados, preséntanse como unha debilidade, cando son unha fortaleza.
- Analizando as nove necesidades no OE7, só se dedica especificamente a N08 ás mulleres rurais e incídese nas cuestións que se detectan como debilidades: Máis tamaño físico da explotación, promover entre as mulleres orientacións máis grandes, máis inversións...
- As medidas que se propoñen no documento de necesidades non deixan de ser unha declaración de intencións encamiñadas a mellorar a nosa representatividade pero sen avances ou cuestións concretas.

O certo é que os datos que se presentan no documento de partida relativos á **presenza de mulleres** no sector, relativos á proporción de mulleres **xefas da explotación** (77,37% homes, 22,63% mulleres) , no que se refire á porcentaxe de **beneficiarias da PAC** (62,85% homes, 37,14 % mulleres) , importe medio de **PAC cobrada polas mulleres** (6.059 € homes, 3.851 mulleres), número de mulleres **beneficiarias da reserva nacional**, representación das mulleres nos distintos órganos, etc, son desoladores. **E é nestes datos nos que que pode incidir a Política Agraria Común a través do Plan Estratégico.**



Se vemos o resto de documentos sobre a PAC, todo o que está propoñendo o Ministerio relativo á axuda básica á renda para a sostibilidade, á axuda complementaria á renda, aos ecoesquemas e incluso ás axudas asociadas, vai encamiñado ás granxas e explotacións cunhas dimensións en hectáreas e número de animais que, nas propias palabras do Ministerio, non son xestionadas por mulleres.

Para rematar, no documento de debate político Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural de decembro 2020, no punto **3.2.4. Igualdade de xénero**, hai este texto: *“A diagnose da situación de partida do Plan constatou non só a baixa presenza de mulleres na agricultura e no medio rural de España senon a existencia dunha fenda de xénero. A resposta das CCAA ao cuestionario de setembro permitiu constatar un apoio maioritario ao desenvolvemento de intervencións na PAC de discriminación positiva a favor das mulleres rurais. Non obstante trátase **dun aspecto complexo xuridicamente** pola súa capacidade para entrar en conflito co criterio non discriminatorio que, con carácter xeral, rexe para as intervencións. Á vista desta posición, o MAPA proporá opcións para introducir esta discriminación positiva **en favor da muller en determinadas intervencións, previa consulta aos servizos da Comisión**”*

Con toda esta información, cremos que esta PAC pode deixar fora outra vez ás mulleres. Estamos convencidas de que isto terá consecuencias moi negativas non só para as mulleres do rural galego, tamén para as mulleres de todo o Estado. Se os datos das mulleres no conxunto do Estado son moi desfavorables, as mulleres galegas partimos dun conxunto (mulleres e homes) máis desfavorable: menores dimensións das granxas galegas en xeral, pago medio por beneficiario/a máis baixo do Estado, falta de Superficie Agraria Útil (SAU) na Galiza...

Hoxe non vemos nos documentos do Plan Estratégico medidas encamiñadas a mellorar estes datos e, polo tanto, non vemos futuro para as mulleres labregas de Galiza, aínda que estamos a tempo de mudar esta situación. É imprescindible unha proposta que termine coa discriminación no colectivo das mulleres. Agora ben, esta proposta tamén vai beneficiar a persoas mozas e orientacións produtivas con moi pouca superficie. **A xustiza social das axudas non está en igualar o pago por hectárea, está nun pago básico igual por persoa.**

A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego **solicítalle unha entrevista** para incorporar ao Plan Estratégico os puntos que referimos a continuación:

1. Mecanismos que permitan mellorar substancialmente as condicións de **acceso das mulleres á axuda básica á renda** e ao resto das **axudas do primeiro piar**, nas que segundo os seus propios datos, estamos agora mesmo en condicións moito máis desfavorables que os homes. As axudas do primeiro piar son indispensables se queremos mellorar a renda das explotacións das mulleres e, polo tanto, asegurar a continuidade das mesmas en condicións equiparables ás dos homes.
2. Igualar os **importes que perciben** as beneficiarias e os beneficiarios. Se “o pago por hectárea que reciban dous agricultores ou gandeiros que afrontan as mesmas condicións produtivas debe ser o mesmo” necesitamos saber que prevé o seu Ministerio para que as granxas con poucas hectáreas, pero con 1 ou 2 UTAs que viven exclusivamente da agricultura ou da gandería, nas que estamos máis representadas, se poidan igualar na contía da axuda básica á renda con respecto ás que teñen máis hectáreas. Entendemos que igualar o importe por hectárea nunha rexión ou entre rexións de pago, non significa en ningún caso igualar os importes que perciben as beneficiarias e os beneficiarios.



3. Unha **axuda redistributiva** que permita corrixir os desequilibrios dos importes entre beneficiarias e beneficiarios .
4. Establecer nas axudas do 2º piar intensidades de axuda superiores, criterios que prioricen ás mulleres e non subvencionar aos colectivos, empresas ou cooperativas que teñan na súa base mulleres pero non estean nos seus órganos de dirección. Queremos, ademais, aclaracións sobre se a complexidade xurídica da que falan para unha discriminación positiva nas axudas tamén afecta ás medidas do 2º piar.

Se non conseguimos incorporar no Plan Estratéxico actuacións claras e contundentes para as mulleres, perderemos outra década para avanzar na igualdade na agricultura e no medio rural e moitas aldeas serán irrecuperables.

Precisamos máis labregas e mellores alimentos.

Atentamente,

María Carmen Ferreiro Santos

Responsable da Secretaría das Mulleres do SLG

Isabel Vilalba Seivane

Secretaria Xeral Sindicato Labrego Galego